



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PLANO OPERATIVO ANUAL

2012

INTRODUCCIÓN

O Claustro da Universidade da Coruña aprobou as Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 o 18 de novembro de 2010. Os contidos do antedito documento (dispoñible na páxina web da UDC http://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/documentos/ProgPlurianual201113.pdf) estrutúranse nos seguintes apartados: contexto orzamentario; estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas; plano xeral de investimentos; e previsións sobre a evolución dos efectivos de PDI e PAS.

O Plano Operativo Anual 2012 desenvolve o anterior documento a partires dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica de partida da UDC para afrontar o exercicio, e acompaña ao orzamento, explicando as actuacións nel programadas.

O Plano Operativo Anual 2012, a partires dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica da UDC, desenvolve o anterior documento e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións nel programadas.

O documento consta de tres apartados. O primeiro concreta as previsións orzamentarias contidas para o exercicio nas liñas xerais da programación plurianual

2011-2013; o segundo recolle algunhas conclusións xerais da revisión dos Indicadores do Plano Estratéxico do ano 2010; e, o último informa sobre a dotación económica de actuacións relevantes nas área de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.

ACTUALIZACIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS CONTIDAS NAS LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL E ORZAMENTARIA 2011-13

As Liñas Xerais da Programación Plurianual e Orzamentaria 2011-13 incluían unhas previsións respecto das principais partidas de ingresos e gastos que totalizaban unha baixada do orzamento ata os 126,5 millóns, é dicir que se acumularía unha baixada de perto de 11 millóns en dous anos:

- Ingresos
 - As transferencias da Xunta de Galicia, que representan unha media de 75% do orzamento, aumentarían ate acadar o financiamento de 2010. A previsión de reparto dos fondos do Plan de Financiamento era de moderada converxencia nas porcentaxes de participación das universidades.
 - A pesares da positiva evolución do alumnado, reduciríanse tamén os ingresos de matrícula debido a cambios en situacións administrativas derivadas da transformación das titulacións no proceso de implantación do EEES.
 - Neste contexto de forte redución dos ingresos resultarían cruciais no próximo bienio as fontes extraordinarias de recursos financeiros. No 2012 prevíase o recoñecemento dunha reclamación histórica de IVE tramitada coa colaboración da Axencia Tributaria, que reportarían ingresos atípicos de uns 5 millóns de euros, e a utilización de recursos propios pouco significativos.
 - O contexto económico fai prever unha significativa caída nos fondos finalistas captados para I+D+i dende o 2010.



- Gastos
 - A previsión de mantemento do número efectivos traduciríase nun mantemento do gasto no 2012, tras a baixa algo superior ao 5% en 2011.
 - No gasto corrente en bens e servizos, aspirábase a axustes superiores ao 10% desde 2009.
 - A redución do capítulo de investimentos estaría no entorno do 40%.
 - As bolsas de estudantes seguirían a ter unha evolución mellor que a do conxunto do orzamento.

Unha vez concretadas as achegas públicas previstas para a UDC e elaborada a proposta de orzamento, cómpre salientar as seguintes matizacións das previsións sinaladas:

- Orzamento global: O importe global do orzamento sitúase en 123,3 millóns. A diferenza respecto da previsión (de 126,5 millóns) supón unha desviación á baixa do 2,5%.
- Ingresos
 - O financiamento aportado pola Xunta de Galicia á UDC está previsto que sexa de 93,8 millóns, moi lonxe de acadar valores de 2010, como estaba previsto. A baixada sobre a previsión é de 3,6 millóns.
 - A fonte de ingreso extraordinario prevista para o 2012, uns 5,2 millóns de euros da reclamación do IVE, adiantouse en parte ao 2011 (ano no que xerouse remanente adicional), mais a contía restante non será ingresada, segundo as estimacións actuais, ata o ano 2013. A cantidade recoñecida por este concepto incorpórase ao orzamento incrementando o remanente non afectado procedente da liquidación de 2010 tras as previsións voluntarias de 2,2 para a devolución de fondos reembolsables. O esforzos de axuste posibilitan deste xeito unha achega de 7 millóns de euros de fondos propios ao orzamento.
 - Confírmase a tendencia prevista de evolución positiva do alumnado e unha caída dos ingresos de matrícula.
 - Os fondos finalistas para I+D+i mantéñense en números análogo aos do orzamento anterior.

- Gastos
 - Mantense o gasto salarial efectivo de 2011, cun aumento residual para dar cabida a conceptos ligados á antigüidade.
 - O axuste en gasto corrente en bens e servizos previsto para 2012 acadouse en 2011, mais o deterioro do financiamento fai necesario un 6,7% adicional en 2012.
 - De xeito semellante, o deterioro dos orzamentos sitúan o capítulo de investimentos na metade do de 2009 (aínda que se contemplamos neste ano a execución dos proxectos financiados por valor de 5,2 millóns con fondos Feder concedidos a finais de 2012, a caída acumulada estaría en torno ao 30%).
 - Ademais, complementáanse as provisións para a devolución de anticipos reembolsables cun millón de euros adicional con cargo ao orzamento de 2012.

Segundo o compromiso asumido, as bolsas e axudas a estudantes baixan en porcentaxe sensiblemente inferior ao orzamento.

CONCLUSIÓNS DOS INDICADORES DO PLANO ESTRATÉXICO

Os indicadores do Plano Estratégico para o ano 2010 (disponibles na dirección http://www.udc.es/sobreUDC/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/planificacion_estratexica/) teñen un cumprimento alto nun 68%; parcial, nun 14%; e baixo nun 18%. Os devanditos datos pódense considerar satisfactorios tendo en conta o contexto económico no que nos atopamos. A súa análise destes resultados contribúe a orientar o orzamento:

- Cualitativamente, cumpre salientar o nivel de éxito no apartado de docencia (o 80% dos indicadores teñen un comportamento alto), o que manifesta a fortaleza da Universidade da Coruña nesta área, fortaleza que foi infravalorada no Plan de Financiamento.
- No apartado negativo atopamos os indicadores da área de Infraestruturas, circunstancia xa advertida na programación económica, na que se advertía a necesidade de adiar investimentos polo cambio de contexto económico, e na que existe corresponsabilidade doutras administracións.

DOTACIÓN ECONÓMICA DE ACTUACIÓNS RELEVANTES

Nos seguintes subapartados dase conta da dotación económica destinada á realización dos obxectivos do Plano estratéxico, salientando as actuacións máis importantes segundo os eixes establecidos neste.

DOCENCIA

Potenciación da cultura da calidade e a innovación

- A UDC continúa coa súa aposta pola formación inicial e pola actualización do persoal docente. A partida asignada ao CUFIE dótese con 90.000€.
- As accións de mellora e certificación e os investimentos da UTC supoñen un total de 100.000€.

Facilitar a transición no proceso de integración no EEES

- Consígnanse 715.000€ para obra de accesibilidade e adaptación ao EEES entre os que se inclúen importantes actuacións naqueles centros que aínda non teñen adaptados os seus espazos á nova realidade docente. Estas actuacións levan aparelladas en moitos casos cuestións de accesibilidade.
- Aínda que co orzamento do 2011, a reformulación da primeira fase do Campus Center permitirá a mellora das instalacións deportivas do campus de Elviña (asociadas principalmente a actividades docentes da Facultade de Ciencias da Educación). Algúns aspectos do proxecto inicial non serán acometidos polo cambio do contexto orzamentario.

Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo

- A partida descentralizada asociada á docencia práctica vese afectada po un axuste dos fondos dispoñibles sensiblemente por debaixo da media, un 3%.
- Mantense sen variación o programa de bolsas de formación complementaria en laboratorios.
- A Vicerreitoría de Relacións Internacionais contempla unha convocatoria que financia mobilidade do profesorado co gallo de establecer conexións que permitan deseñar titulacións duplas ou conxuntas.

Fomento do uso das TIC no proceso ensino –aprendizaxe

- O investimento en hardware é semellante ao de 2010, o que permite manter unha política de renovación razoable

Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos

- As bolsas e axudas a estudantes teñen un tratamento preferente, cun axuste dun 3,2%, inferior á media. Boa parte desta baixada explícase ademais polos cambios nas bases de convocatorias que non afectan á contía nin ao número de bolsas.
- Continúan as políticas de captación de alumnos de expedientes destacados en bacharelato, cunha dotación de 30.000€ para os premios á excelencia.
- Os 57.000€ de Información e Divulgación dos que dispón a Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura posibilitan políticas de captación de alumnado tanto para as titulacións de grao como de mestrado.
- Mantense a convocatoria propia de mobilidade para alumnos iberoamericanos, en número e en contía, aínda que a dotación no orzamento sexa menor, polo cambio das bases, o que supón un compromiso maior para a seguinte anualidade.

Fomento das prácticas en empresas e institucións

- A dotación para prácticas Erasmus aumenta un 14%, de 35.000 a 40.000€.
- Coa partida de Cursos e Conferencias da Vicerreitoría de Titulos e Novas Tecnoloxía seguen a atenderse necesidades singulares de prácticas docentes externas.

Axilización e simplificación procedementos de xestión

- O desenvolvemento do programa Xescampus órzase en 300.000 €, o que supón un axuste do 5%.
- A partida de investimentos para o apoio á xestión está dotada con 80.000€.

Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES

- Fronte á redución do 29% global do capítulo de investimentos, o investimento en fondos bibliográficos baixa un 11%. As publicacións

periódicas tiveron un tratamento preferente neste concepto, xa que para alén de considerar esta partida estratéxica para a investigación, esta ven determinada por compromisos orzamentarios plurianuais e acordos conxuntos con outras institucións (Bugalicia).

I +D+i

Incrementar a investigación de calidade

- Segundo se indicou anteriormente o gasto en publicacións periódicas baixa moderadamente. A inversión total é de aproximadamente 1,4 millóns de euros.
- O novo sistema de financiamento a grupos de investigación permite ao grupo distribuír o gasto do orzamento en tres exercicios, o que suporá unha importante mellora para a planificación das inversións do grupo. Grande parte dos substanciais recortes de financiamento en investigación (contratos predoutorais, produción científica ou gastos adscritos a programas de investigación) son cubertas por este novo financiamento plurianual a grupos dotado con 900.000€. As anteriores partidas manteñen a súa existencia fundamentalmente para o financiamento dos investigadores individuais.

Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico

- Aínda que non figuran no orzamento por ser a concesión do 2011, a UDC cofinancia cun anticipo reembolsable do ministerio o 30% proxectos relacionados con dotación dos centros tecnolóxicos por valor de máis de 5 millóns de euros.

Fomentar a relación con outros grupos de investigación

- A acción de internacionalización da UDC, que non está tampouco afectada polo axuste, contempla axudas para facilitar a creación de redes de cooperación na investigación.

Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI

- O orzamento da UTC dedicado a accións de certificación é de 80.000€.

- As necesidades de reparacións urxentes de fachadas de centros requiren investimentos entorno a 330.000€.
- Como xa se sinalou, unha grande parte do orzamento para infraestruturas destinarase á mellora dos centros, canto a accesibilidade e adaptación ás novas necesidades creadas polo EEES.

Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional

- A UDC, coñecedora da transcendencia para a sociedade da transferencia, afronta a renuncia efectiva da administración autonómica ao mantemento da Oficina de Transferencia da Investigación cunha dotación de 140.000€. Parte desta cantidade será utilizada na execución da segunda fase do proxecto PETRA pendente de dotación definitiva, e que permitirá manter os orzamentos da OTRI.

RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos

- Uns 40.000€ da inversión centralizada en mobiliario e equipamento servirá para dotar adecuadamente o Centro Cívico de Ferrol.

Impulso das actividades culturais da UDC

- O remate da dotación do Centro Cívico servirá de pulo para a actividade cultural da UDC na cidade de Ferrol.
- O axuste que se aplica a actividades culturais é do 8%.

Potenciación das relacións internacionais

- Engádese como punto estratéxico básico con tratamento preferente a internacionalización, o que leva ao mantemento da mobilidade tamén para docentes e de persoal de administración e servizos.
- A acción de internacionalización da UDC ten orzamento idéntico ao do exercicio anterior. A través de fondos propios trátase de apoiar accións para a extensión de redes de colaboración internacional e/ou consolidación das xa

existentes que non estean contempladas en programas estatais ou internacionais e non son, por tanto, susceptibles de financiamento externo: establecemento de titulacións duplas ou conxuntas e consolidación de redes de cooperación.

- As bolsas Erasmus e as de mobilidade bilateral para estudantes están dotadas para financiar un 10% máis de mobilidades que durante o ano académico anterior, en liña con exercicios anteriores.
- A mobilidade Erasmus para o personal da UDC non varía.

Incremento das dispoñibilidade e o aproveitamento de instalacións deportivas

- Segundo se indicou anteriormente, as instalacións deportivas constitúen a compoñente fundamental da redefinición do proxecto Campus-Center de Elviña en marcha, que se desenvolverán ao longo de 2012.
- No primeiro semestre dotarase de mobiliario a reformada Aula Náutica para o seu completo aproveitamento.

Potenciación da proxección e a imaxe da UDC

- A partida de Comunicación para información e divulgación baixa de 140.000€ a 105.000€.

Normalización da lingua galega

- O orzamento solicitado polo Servizo de Normalización Lingüística, que en parte se adica a colaborar en proxectos con outras administracións, minorouse nun 8%.

Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica

- As fortes restricións orzamentarias obrigan a adiar algunhas accións previstas para o Plan Enerxético da UDC. Aínda así a aportación para estes proxectos é de 50.000€, que poderá verse aumentada en virtude de financiamento adicional conveniado para actuacións en Ferrol e A Coruña.
- O orzamento total para seguridade e saúde é de 200.000€.

Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa

- Un ano mais a UDC comprométese a cofinanciar a Oficina de Software Libre coa Xunta de Galicia.
- Dende a UDC seguen a promocionarse as actividades e programas de voluntariado social, que se centralizan e xestionan dende a OCV. A dotación para a oficina é de 62.000€.
- Mantense a Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Realidade para alumnos e esténdese ao resto da comunidade universitaria.
- A nova etapa da oficina de igualdade dispón de máis de 14.000€.
- A atención á diversidade continúa a ser unha prioridade importante para a UDC: mantéñense as partidas de ADI e priorízanse os investimentos en accesibilidade.

Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol

- A área residencial no campus de Elviña, con dotación orzamentaria da Xunta de Galicia dende hai varios exercicios, segue á espera da decisión autonómica da redefinición do proxecto.
- O proxecto da Residencia Universitaria de Ferrol está igualmente paralizado por retrasos na cesión do edificio.